

ROF		
EXPEDIENTE	Sesión do Pleno do Concello 28.11.2016	Ref. 13/2016
TRÁMITE	Acta	

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28 DE NOVEMBRO DE 2016

No Salón de actos da Casa Consistorial, sendo as 10:00 horas do día 28 de novembro de 2016, réunese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a Nidia María Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

Asisten os seguintes Srs. Concelleiros e Sras. Concelleiras:

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín
D^a. Julia Loureiro Campo
D. Alberto Méndez Lago
D. José Luis Alonso Seijo
D^a. M^a Raquel Monzón Otero
D. Cándido Pérez Rodríguez
D^a. Sara M^a Cebreiro Alonso
D. Camilo Augusto Martínez

Polo grupo municipal de GañaMos:

D. Miguel Angel Rodríguez Alonso
D. Roberto Carlos Rodríguez Dasilva
D^a. M^a Aurora Giráldez Leirós

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D^a. Patricia Pérez Ucha
D. Emilio Muíños Pumar
D^a. Silvia González Pereira

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso

Secretaria,

M^a Angeles García Villaverde

Interventor

Sergio Rodríguez Pérez

Ausente

D. Francisco Vázquez Troitiño

1. Aprobación do borrador da acta da sesión anterior (27 de outubro)

Iníciase a sesión e non habendo alegacións, sométese á aprobación dos membros corporativos, resultando aprobada por unanimidade, a acta da sesión celebrada con data 27 de outubro de 2016, ao abeiro do sinalado no artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

2. Orzamento para o exercicio económico 2017

Explícase que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Facenda e Contratación, celebrada o 23 de novembro de 2016.

O Sr. Rodríguez Dasilva di que o seu grupo votará en contra por varias razóns como é o incremento do gasto no goberno, o gasto na persoa que esta destinada a facer a prensa do Concello, na área de Cultura hai un orzamento insuficiente xa que o ano pasado houbo que facer unha modificación de crédito; tampouco comparte que na Aerea de cultura e deportes haxa 70.000 euros que non se especifica a disposición do grupo de Goberno, subvención de 5.000 euros para asociacións de veciños que o repartir quedará moi pouco, o arranxo das estradas se rebaixa, e por último é un presuposto feito en papel pero na realidade non se cumpre.

A Sra. Pérez Ucha, di que o P.S.O.E. vai a votar en contra pero non entrará no que non están de acordo xa que é o presuposto do goberno e eles faríano totalmente distinto. Que lle parece ficticio porque despois aparecen os recoñecementos e as modificación de crédito, e que botan de menos o que dixeron sobre Asodifisi de que ían a financiar o curso "sementamos" pero que ven que teñen a mesma subvención que este ano.

O Sr. Aldea Moscoso di que apoiar isto e dar unha carta en branco a que o goberno faga o que queira, que bota de menos a partida de Area Metropolitana. Quere poñer dous exemplos, en ingresos: en Emerxencias prevense 27.000 euros e o ano pasado recadáranse 600 euros, taxas de servizos do CDL prevíanse 15.000 euros e recolléronse 37 euros; que son detalles pequenos que demostran como é o orzamento. Que están totalmente de acordo coas bases no punto 7 cando di "destacar en materia de cultura e educación que se incrementa a partida para subsanar as deficiencias causadas polo abandono da administración local a numerosos colectivo e entidades mosenses". Pero obviamente non están de acordo cos orzamentos e votarán en contra.

O concelleiro delegado de facenda, Sr. Méndez Lago, manifesta que visto o que dicen os demais grupos el non intervén.

A Alcadesa di que, unha vez mais, están moi satisfeitos de cómo se fan as cousas e de facelas no tempo que hai. Que se está facendo un orzamento sen operacións de crédito e que os ingresos son reais. As características se repiten desde o ano 2009 e seguirán repetíndose mentres a oposición sexa a mesma. A realidade é que se está reducindo a débeda. Que non esperaba intervencións construtivas por parte da oposición pero tampouco tan pobres. Di que a partida de servizos sociais

é a que mais se incrementa, que se aposta polo fomento de emprego, que se mellora o servizo de limpeza viaria, en mantemento de zonas verdes, que se ten o bus metropolitano, sobre a Área metropolitana non se pode poñer nada porque aínda non se sabe polo que queda un pouco no aire; a partida de estradas é superior á do ano pasado; sobre as asociacións gustaríalle ter mais pero o Concello non pode, que está para botarlle unha man; quere engadir que so faltaba que o grupo de goberno non poida deixar unha partida para libre disposición, para organizar actividades.

Tras o debate, a Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría de 9 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular e o voto negativo do grupo municipal GañaMos (3), do P.S.deG.-P.S.O.E (3) e do B.N.G. (1), sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente os Orzamentos do Concello de Mos para o ano 2016 que ascende a 9.874.000 €.

Segundo.- Someter a información pública por prazo de 15 días, mediante publicación no BOP.

3. Bonificación da liquidación de ICIO á Comunidade de Montes en Man Común de Torroso. U.L. 42/16 ampliación de centro para instalacións, equipamentos e dotacións rurais.

Explica a Secretaria que foi ditaminada pola Comisión informativa de Facenda e Contratación, de 3 de novembro de 2016.

Non habendo intervención sometese a votación ordinaria, e por unanimidade o Pleno adoptou o seguinte ACORDO

Primeiro.- Declarar de especial interese ou utilidade municipal as obras de “ampliación do centro para instalacións, equipamentos e dotacións rurais feitas pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Torroso.

Segundo.- Bonificar a liquidación do imposto sobre construcións, instalación e obras das mesmas no seguinte xeito:

Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Torroso: 60% s/ 13.379,75 € a pagar 5.351,90 €

4. Bonificación da liquidación de ICIO á Asociación de Veciños de Dornelas, expediente nº 2016/511 de acondicionamento local social.

Explica a Secretaria que foi ditaminada pola Comisión informativa de Facenda e Contratación, de 3 de novembro de 2016.

Non habendo intervencións, sometese a votación ordinaria, e por unanimidade o Pleno adoptou o seguinte ACORDO

Primeiro.- Declarar de especial interese ou utilidade municipal as obras de “acondicionamento local social San Franco” feitas pola Asociación de Veciños de Dornelas

Segundo.- Bonificar a liquidación do imposto sobre construcións, instalación e obras das mesmas no seguinte xeito:

Asociación de Veciños de Dornelas: 95% s/ 261,10 € a pagar 13,05 €

5. Convenio de colaboración entre o Concello de Mos e a Comunidade de Montes veciñais en Man Común de Tameiga.

Pola Secretaria, explícase que foi ditaminada pola Comisión informativa de Servizos Públicos e Patrimonio de 23 de novembro de 2016.

O Sr. Rodríguez Alonso di que o seu grupo considera que este é un bo acordo e ademais xa se soluciona un problema que ven de vello.

O Sr. Muíños Pumar di que como sempre estiveron en defender o patrimonio do municipio de Mos e que aquí tamén; e que a Xustiza deulle a razón aos veciños de Tameiga e hai que acatalo pero que queren facer fincapé con mais forza que se fixo esta vez, xa que consideran que esta vez foi unha defensa moi pobre.

O Sr. Aldea Moscoso di que todos os grupos traballaron no tema, e que hai que chegar a cordos con esta Comunidade no que quede.

A Alcadesa di que se quedou en retomar o tema do CDL

A continuación , procédese á votación ordinaria, e por unanimidade dos membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Mos e Comunidade de Montes veciñais en Man Común de Tameiga, asinado o 11 de novembro de 2016, como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MOS E A COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE TAMEIGA

En Mos, a 11 de novembro de 2016

REUNIDOS

Polo Concello de Mos, D^a Nidia María Arévalo Gómez, Alcadesa-Presidenta.

Pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Tameiga, seu presidente D. Antonio Cajide Serrano, maior de idade e veciño de Mos con domicilio en Avda. do Rebullón, nº 23, Edificio “As Pedriñas”, en Tameiga – Mos, titular do D.N.I. nº 36.030.203-J.

Ámbalas dúas partes recoñecéndose capacidade legal suficiente para outorgar este convenio

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Tameiga en data 19/03/2015 formulou demanda contra o Concello de Mos, que se tramitou ante o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de O Porriño, como Procedemento ordinario nº 170/2015.

Dito procedemento concluíu a medio de sentenza de data 1/09/2016 que acordou:

"ESTIMO la demanda interpuesta por la COMUNIDAD DE MONTES VECINALES EN MANO COMÚN DE TAMEIGA (MOS), representada por su Presidente D. Antonio Cajide Serrano y por el Procurador Sr. Varela González y asistida por el Sr. Escariz Vázquez, contra el AYUNTAMIENTO DE MOS, representado por la procuradora Sra. Castro Cabezas y asistida por el Letrado Sr. Escariz Covelo sustituido en el acto del juicio por el Letrado Sr. Abalde Iturbe, y en consecuencia:

1º.- DEBO DECLARAR Y DECLARO que las 12 porciones del monte "FAQUIÑA" descritas en el hecho quinto de la demanda con las letras A a la K y representadas en el plano nº 2 del dictamen pericial de D. Ángel Bravo Portela, acompañado como documento nº 1 de la demanda, son propiedad de la Comunidad de Montes Vecinales en Mano Común de la parroquia de Tameiga (Mos), por haberlas venido poseyendo –junto con el resto del monte "FAQUIÑA" del que forman parte integrante e inseparable- desde tiempo inmemorial, en régimen de aprovechamiento colectivo y sin especial asignación de cuotas, en la forma prevista en el artículo 1 de la Ley 13/89, de 10 de octubre, de montes vecinales en mano común de la Comunidad Autónoma de Galicia.

2º.- DEBO CONDENAR Y CONDENO al Ayuntamiento de Mos a estar y pasar por tal declaración y a dejar libre y expeditas dichas porciones de terreno a disposición de la Comunidad de Montes Vecinales en Mano Común de la Parroquia de Tameiga (Mos), debiendo dicha Comunidad de Montes subrogarse en los contratos de arrendamiento, de constitución de derecho de superficie, concesiones o cesiones de uso otorgadas por el Ayuntamiento de Mos a favor de terceros sobre los terrenos aquí litigiosos, y ello en cumplimiento de la Ley 55/1980, de 11 de noviembre, de Montes Vecinales en Mano Común y del Decreto 260/1992, de 4 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento para la ejecución de la Ley 13/89, de 10 de octubre, de montes vecinales en mano común de la Comunidad Autónoma de Galicia.

3º.- DEBO CONDENAR Y CONDENO al Ayuntamiento de Mos al pago de las costas procesales"

SEGUNDO.- O Concello de Mos interpuxo Recurso de Apelación fronte a devandita sentenza a medio de escrito de data 3/10/2016, formalizando oposición a Comunidade de Montes de Tameiga.

TERCEIRO.- As parcelas litixiosas cuxa propiedade foi recoñecida xudicialmente a favor da Comunidade de Montes Veciñais de Tameiga, en relación as cales o Concello de Mos ten subscritos contratos de dereito de superficie, son as seguintes:

PARCELA 1ª: Identificada como "ENCLAVADO NON CLASIFICADO DESIGNADO CON LA LETRA A" no plano do Servicio de Montes de Pontevedra de data marzo de 2003, da Superficie de 41.285 m² que linda:

Norte, porción do mesmo enclavado no concello de Vigo, segundo o deslinde vixente

Sur, estrada EP-2603 Puxeiros-Peinador e máis monte veciñal "Faquiña" de

Tameiga

Leste, máis monte veciñal "*Faquiña*" de Tameiga e monte veciñal "*Cotiño*" de Dornelas

Oeste, camiño asfaltado a Cabral.

PARCELA 2ª: Identificada como "ENCLAVADO NON CLASIFICADO DESIGNADO COA LETRA B" no plano do Servizo de Montes de Pontevedra de data marzo de 2003, da Superficie de 10.941 m², que linda:

Norte, porción do mesmo enclavado no concello de Vigo, segundo o deslinde vixente

Sur, estrada EP-2603 entre Puxeiros e Peinador

Leste, camiño asfaltado a Cabral

Oeste, máis monte veciñal "*Faquiña*" de Tameiga

PARCELA 3ª: Identificada como "ENCLAVADO NON CLASIFICADO DESIGNADO COA LETRA C" no plano do Servizo de Montes de Pontevedra de data marzo de 2003, da Superficie de 3.445 m², que linda:

Norte, estrada EP-2603 entre Puxeiros e Peinador

Sur, Leste e Oeste, máis monte veciñal "*Faquiña*" de Tameiga

PARCELA 4ª: Identificada como parte do "ENCLAVADO NON CLASIFICADO DESIGNADO COA LETRA D" no plano do Servizo de Montes de Pontevedra de data marzo de 2003, da Superficie de 8.320 m², que linda:

Norte, estrada EP-2603 entre Puxeiros e Peinador

Sur, máis monte veciñal "*Faquiña*" de Tameiga (en parte o mesmo enclavado en D₃)

Leste, máis monte veciñal "*Faquiña*" de Tameiga (en parte o mesmo enclavado en D₃) e monte veciñal "*Cotiño*" de Dornelas

Oeste, enclavado industrial adquirido pola empresa Rodman (D₁)

PARCELA 5ª: Identificada como porción non clasificada do monte Tameiga lindante polo Oeste co "ENCLAVADO NON CLASIFICADO DESIGNADO COA LETRA D" no plano do Servizo de Montes de Pontevedra de data marzo de 2003, da Superficie de 2.133 m², que linda:

Norte, estrada EP-2603 entre Puxeiros e Peinador

Sur, máis monte veciñal "*Faquiña*" de Tameiga

Leste, máis monte veciñal "*Faquiña*" de Tameiga clasificado e monte veciñal "*Cotiño*" de Dornelas

Oeste, máis monte veciñal "*Faquiña*" de Tameiga (enclavado D₂)

PARCELA 6ª: Identificada como "ENCLAVADO NON CLASIFICADO DESIGNADO COA LETRA E" no plano do Servizo de Montes de Pontevedra de data marzo de 2003, da Superficie de 9.048 m², que linda:

Norte e Oeste, máis monte veciñal "Faquiña" de Tameiga
Sur e Leste, camiño asfaltado que atravesa o monte veciñal "Faquiña" de Tameiga

PARCELA 7ª: Identificada como "ENCLAVADO NON CLASIFICADO DESIGNADO COA LETRA F" no plano do Servizo de Montes de Pontevedra de data marzo de 2003, da Superficie de 9.670 m², que linda:

Norte, Sur, e Leste, máis monte veciñal "Faquiña" de Tameiga
Oeste, camiño asfaltado que atravesa o monte veciñal "Faquiña" de Tameiga

PARCELA 8ª: Identificada como "ENCLAVADO NON CLASIFICADO DESIGNADO COA LETRA G" no plano do Servizo de Montes de Pontevedra de data marzo de 2003, da Superficie de 10.517 m², que linda:

Norte, Sur, e Oeste, máis monte veciñal "Faquiña" de Tameiga
Leste, monte veciñal "Cotiño" de Dornelas

PARCELA 9ª: Identificada como "ENCLAVADO NON CLASIFICADO DESIGNADO COA LETRA H" no plano do Servizo de Montes de Pontevedra de data marzo de 2003, de la Superficie de 3.508 m², que linda:

Norte, Sur, Leste e Oeste, máis monte veciñal "Faquiña" de Tameiga

PARCELA 10ª: Identificada como parte do "ENCLAVADO NON CLASIFICADO DESIGNADO COA LETRA I" no plano del Servizo de Montes de Pontevedra de data marzo de 2003, da Superficie de 41.196 m², que linda:

Norte e Leste, máis monte veciñal "Faquiña" de Tameiga e camiño asfaltado que atravesa o monte veciñal "Faquiña" de Tameiga
Sur, máis monte veciñal "Faquiña" de Tameiga (en parte o mesmo enclavado en I₃) e estrada provincial EP-2601 entre Puxeiros e Mos
Oeste, máis monte veciñal "Faquiña" de Tameiga e fincas particulares

PARCELA 11ª: Identificada como porción clasificada do monte Tameiga lindante polo Leste e Sueste do "ENCLAVADO NON CLASIFICADO DESIGNADO COA LETRA I" no plano do Servizo de Montes de Pontevedra de data marzo de 2003, da



Superficie de 2.567 m², que linda:

Norte e Leste, máis monte veciñal "Faquiña" de Tameiga e camiño asfaltado que atravesa o monte veciñal "Faquiña" de Tameiga

Sur, máis monte veciñal "Faquiña" de Tameiga

Oeste, máis monte veciñal "Faquiña" de Tameiga (en parte Enclavado I₂)

PARCELA 12^a: Identificada como "ENCLAVADO NON CLASIFICADO DESIGNADO COA LETRA K" no plano do Servizo de Montes de Pontevedra de data marzo de 2003, da Superficie de 5.491 m², que linda:

Norte, estrada provincial EP-2601 de Puxeiros a Mos

Sur, máis monte veciñal "Faquiña" de Tameiga

Leste, camiño asfaltado que atravesa o monte veciñal "Faquiña" de Tameiga

Oeste, fincas particulares

CUARTA.- É intención de ambas partes subscribir o presente convenio polo que o Concello de Mos desiste do recurso de apelación no seu día interposto fronte á sentenza de data 1/09/2016 do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de O Porriño, e a Comunidade de Montes de Tameiga se obriga a transferir ao Concello de Mos o importe correspondente ao 50% das rendas efectivas que na actualidade se perciben polos contratos subscritos en relación ás parcelas referidas no exponendo anterior, sobre a base de cálculo que logo se dirá, por un prazo de cinco (5) anos.

QUINTA.- Aos efectos de detallar as empresas que son titulares de dereitos reais sobre las parcelas anteriormente descritas, así como as rendas que actualmente abonan ao Concello de Mos, ambas partes comprométense a asinar unha Addenda no prazo de dez días a contar dende a sinatura do presente documento, na que se farán constar os datos correspondentes ás referidas empresas así como as rendas que cada unha delas abonan, aos efectos de determinar o límite máximo total por ano que, en cumprimento do presente convenio, a Comunidade de Montes de Tameiga deberá abonar ao Concello de Mos.

E todo elo en atención ás seguintes **OBRIGAS**:

I.- OBRIGAS DO CONCELLO DE MOS.

.- a) Entregar á Comunidade de Montes de Tameiga a documentación relativa aos contratos subscritos en relación ás parcelas obxecto de convenio, no prazo de 15 días a contar dende a aprobación do presente convenio polo Pleno do Concello de Mos e ratificación pola Asemblea da Comunidade de Montes de Tameiga.

.- b) Comunicar a tódalas empresas coas que se teñen contratos subscritos en relación ás parcelas obxecto de convenio, a subrogación da Comunidade de Montes de Tameiga en ditos contratos, no prazo de 15 días a contar dende a aprobación do presente convenio polo Pleno do Concello de Mos e ratificación pola Asemblea da Comunidade de Montes de Tameiga.

.- c) Entregar á Comunidade de Montes de Tameiga as cantidades correspondentes ás fianzas que se constituíron con motivo da formalización dos contratos subscritos en relación ás parcelas obxecto de convenio, no prazo de 15 días a contar dende a aprobación do presente convenio polo Pleno do Concello de Mos e ratificación pola Asemblea da Comunidade de Montes de Tameiga.

.- d) Desistir formalmente do recurso de apelación interposto contra a sentenza de data 1/09/2016 do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de O Porriño. A tal efecto o Concello de Mos obrígase a comunicar dito desestimento ao Xulgado no prazo de cinco días dende a aprobación do presente convenio polo Pleno do Concello de Mos e ratificación pola Asemblea da Comunidade de Montes de Tameiga.

II.- OBRIGAS DA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE TAMEIGA.

.- a) Transferir ao Concello de Mos a cantidade correspondente ao 50% dos ingresos efectivos anuais que reciba a Comunidade de Montes de Tameiga polos dereitos reais formalizados sobre as parcelas obxecto de convenio, por un prazo de 5 anos, co límite máximo total por ano que se determinará no anexo que se firme en relación ao presente documento.

O pagamento de dita cantidade realizarase trimestralmente en razón dos ingresos efectivos que reciba a Comunidade de Montes en dito período.

.- b) Descontar o importe das costas correspondentes á primeira instancia ás que foi condenado el Concello de Mos, da certificación correspondente ao quinto ano.

.- c) Renunciar ao cobro das costas da segunda instancia, no caso de que as houberse.

A eficacia do presente convenio queda condicionada a súa aprobación por parte do órgano competente do Concello de Mos, así como da súa ratificación por parte da Asemblea da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Tameiga.

Así o acordan, e asinan este documento por duplicado exemplar, ambas partes de conformidade, no lugar e data arriba indicados

Asdo. Nidia Arévalo Gómez

Asdo.: Antonio Cajide Serrano"

6. Aprobación do proxecto de actuacións de saneamento nos concellos do Consorcio da Auga do Louro. Ramais de Pedraucha e de Atín-Cela

A Secretaria da conta de que o expediente foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos Públicos e Patrimonio, celebrada 23 de novembro de 2016.

A continuación a Presidenta, somete o acordo a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación ao proxecto de execución da obra “Actuacións de saneamento nos concellos integrantes do Consorcio da Auga do Louro. Ramais de Pedraucha e Atín-Cela. Mos (Pontevedra)”, de clave: OH.336.1116, cun orzamento de douscentos cincuenta e oito mil



catrocentos corenta e tres euros con trinta e dous céntimos (258.443,32 €)

Segundo.- Asumir o compromiso de recibir as obras e da súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.

Terceiro.- Por a disposición de Augas de Galicia, antes do inicio das obras, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, ou de ser o caso, da tramitación do correspondente trámite expropiatorio.

Cuarto.- Non procede a realización do trámite de información pública, de conformidade co artigo 86 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, debido ao alcance do proxecto ou ás afeccións que este produza.

7. Proposta de mutación demanial de carácter subxectivo da parcela cedida por propietario particular para construción dunha pasarela peonil para o Camiño de Santiago.

A Secretaria da conta de que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión Informativa de Servizos Públicos e Patrimonio, celebrada 23 de novembro de 2016.

O Sr. Rodríguez Alonso di que o seu partido votarán a favor pero que teñen que facer unha crítica por falta de información xa que non se especifica quen a persona que cede este terreno e que contraprestacións levou.

A Alcaldesa responde que está todo no expediente.

O Sr. Aldea Moscoso esperemos que os veciños o utilicen. E que agora habería que empezar a ver o paso do Camiño de Santiago na N-550 en Carracido.

Responde a concelleira de Cultura que se esta vendo co Xerente do Camiño e os técnicos municipais a solución.

A continuación, a Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros presentes da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Deberá incorporarse ao inventario de bens municipais a parcela e inscribirse no Rexistro da Propiedade e na Dirección Xeral de Catastro.

Segundo.- Aprobar a posta a disposición dos terreos, propiedade do Concello de Mos, anteriormente descritos, ao Ministerio de fomento ao amparo do artigo 29 da Lei 5/2011, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, para a construción dunha pasarela peonil para o uso do Camiño de Santiago.

Terceiro.- Que se sigan os trámites ata completar a cesión da parcela, debendo constar a aceptación da Administración cesionaria.

Cuarto.- Autorizar á Sra. Alcaldesa para a firma dos documentos que resulten precisos.

8. Relación de postos de traballo.

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Persoal e Réxime Interior, celebrada 23 de novembro de 2016.

O Sr. Rodríguez Alonso di que por parte de Gañamos manteñen a abstención xa que este asunto esta xudicializado xa que impugnaron a RPT ao considerar que non se axusta a legalidade e que é un despropósito polo custe económico anual que supón para este Concello.

A Sra. Pérez Ucha di que se van a abster xa que a RPT votaron en contra e consideran que sería unha incongruencia votar agora a favor.

O Sr. Aldea Moscoso di que votarán a favor xa que, aínda que votaron en contra da RPT, esta é unha reclamación dunha traballadora e as demais seguirán o seu camiño e cando chegue o momento haberá que darlles a razón ou non.

A Sra. Alcadesa somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría de 9 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular e do B.N.G. (1), e abstención do grupo municipal Gañamos (3) e do P.S.deG.-P.S.O.E. (3), sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Admitir o recurso interposto.

Segundo.- Estimar parcialmente o recurso presentado por dona M^a Eugenia Cameselle Díaz, respecto á valoración do complemento específico do posto de Xefe de Unidade de Rexistro, sobre a base da vulneración do principio de igualdade e establecer dito complemento por importe de 11.728,84 euros, atendendo aos factores de mando, responsabilidade e competencia no desempeño do posto de traballo.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados.

Cuarto.- Realizar as actuacións administrativas precisas para proceder ao recoñecemento das alegacións estimadas, efectuando as modificacións precisas no documento da Relación de Postos de Traballo, de acordo co procedemento previsto legalmente, e con efectos dende a entrada en vigor da modificación da relación de postos de traballo publicada o 12 maio de 2016 no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

9. Nomeamento representantes na Área Metropolitana.

Explica que o expediente foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Persoal e Réxime Interior, celebrada 23 de novembro de 2016.

Non habendo intervencións, a Sra. Alcadesa somete o acordo a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros presentes da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO

Unico. - Nomear representantes na Area Metropolitana de Vigo a:

Dona Nidia M^a Arévalo Gómez, Alcadesa do Concello de Mos.

Suplente:

Don Alberto Méndez Lago, 1º tenente de Alcalde e concelleiro delegado de Facenda, contratación, transparencia e deportes.

Don Oscar Soto Abadín, concelleiro delegado de Promoción económica, Emprego e novas

tecnoloxías.

Suplente:

Don Camilo Augusto Martínez, concelleiro delegado de coordinación de asociacións veciñais, patrimonio e servizos

Don Francisco Vázquez Troitiño, concelleiro do grupo político municipal Gañamos.

Suplente:

Dona María Aurora Giráldez Leirós, concelleira do grupo político municipal Gañamos

10. Modificación do Regulamento do Servizo Público de Transporte Urbano de Viaxeiros por Autobús do Concello de Mos.

Explica que o expediente foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Educación, Participación Cidadá e Mobilidade, celebrada 23 de novembro de 2016.

Comezan as intervencións co Sr. Rodríguez Alonso que manifesta que o seu grupo absterase porque pensan que o criterio a seguir é un criterio económico en canto a exencións. Entende que está ben o facilitar o transporte pero si consideran que se debe diferenciar entre os que teñen recursos e os que carecen deles.

O Sr. Aldea Moscoso votará a favor xa que é un paso mais cara o seu proxecto e menos o proxecto do goberno .

A Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría de cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (9), do P.S.deG.-P.S.O.E. (3) e do B.N.G. (1), e abstención do grupo municipal Gañamos (3) , sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte modificación do Regulamento do servizo público de transporte urbano de viaxeiros por autobús do Concello de Mos:

“REGULAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS POR AUTOBÚS DO CONCELLO DE MOS

ARTIGO 8.- O SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS REALIZARASE DE ACORDO COS SIGUINTES TIPOS DE TARIFA:

Aplicaranse as tarifas previstas no Plan de Transporte Metropolitano conforme ao previsto no convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo.

No obstante as tarifas poderán modificarse de acordo cos procedementos establecidos na normativa de aplicación.

A xente xóven que cumpra cos requisitos establecidos se lle aplicará unha tarifa de 0 euros nos

viaxes urbanos realizados, cun número máximo de 60 viaxes mensuais por usuario.

Poderá ser beneficiario calquera persoa empadroada no Concello de Mos con idade comprendida entre os 4 e os 18 anos de idade, inclusive.

No momento que o usuario cumpra os 19 anos de idade perderá o dereito a beneficiarse da tarifa para a xente nova no transporte urbano do Concello de Mos.

Dita bonificación será de aplicación previa solicitude no Concello de Mos, e xustificación do cumprimento dos requisitos establecidos, mediante o procedemento que se estableza.”

Segundo.- Someter o Regulamento a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días para presentación de reclamacións e suxestións. De acordo co establecido nos artigos 70 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a presente modificación, tras a súa aprobación polo Concello Pleno, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

11. Resolucións Alcaldía.

Dáse por realizado o trámite.

12. Comunicacions de Alcaldía.

O vindeiro 16 de decembro, ás 13,00 horas, ven o Conselleiro de Sanidade para ver si se consegue a transferencia do Centro de Saúde.

13. Mocións:

13.1 Moción do grupo municipal GañaMos para destina unha partida nos presupostos de 2017 para a compra das parcelas do Castro de Torroso.

A moción foi ditaminada pola Comisión informativa de Facenda e Contratación, de 23 de novembro de 2016.

O Sr. Rodríguez Dasilva explica a moción:

“Dende o ano 2013 a Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento anunciaron a posta en marcha dun “Plan de posta en valor dos castros da provincia”. Dende entón, as noticias de tódolos medios de comunicación falaban de 16 castros unhas veces, 18 outras e xa en 2015 aseguraban que eran 23 os xacementos os acollidos a este plan. Coma queira que for, dende as primeiras noticias, o castro de Torroso sempre aparecía incluído neste convenio a desenvolver entre as dúas administracións.

Esta noticia foi acollida con ledicia polos veciños de Mos e a sociedade en xeral, xa que que por fin se ía acometer a posta en valor do xacemento arqueolóxico máis importante do Concello e un dos máis representativos para entender os inicios da Idade do Ferro en Galicia.

Pero finalmente, este xacemento quedou fora de dito plan debido a que a titularidade dos

terreos do castro segue estando en mans de particulares, sendo isto un condicionante negativo á hora de realizar calquera actuación. O Concello de Mos perdeu deste xeito a oportunidade de conservar e revalorizar o noso castro de referencia, truncando así os soños de moitos mosenses e galegos en xeral, amantes da arqueoloxía e da nosa identidade e singular historia.

Dende o ano 1990 hai un acordo plenario polo cal o Concello se comprometeu naquel momento á tramitar a adquisición dos terreos do castro. Cómpre que a actual corporación aposte decididamente pola compra, permuta ou expropiación de tódalas parcelas nas que se asenta o xacemento e abandonemos dunha vez por todas a idea da cesión por ser esta última improbable, difícil, insegura para o futuro e sobre todo tamén inxusta para os actuais titulares.

Por outra banda, a área excavada do xacemento está sufrindo o deterioro causado pola vexetación e as raíces das árbores máis grandes están a causar o derrube das estruturas que no seu momento non foron convenientemente tapadas, trala denuncia que sufriu o arqueólogo que dirixiu as campañas de excavación xa hai 20 anos. Si, 20 anos dende a última intervención, 20 anos de promesas, 20 anos de desfeita dalgúns elementos que xa son irrecuperables.

Ao mesmo tempo, o estado actual do castro supón un perigo para os visitantes, que siguen acudindo frecuentemente ao castro porque a súa sona e importancia fai que constantemente sexa reseñado en numerosos estudos e publicacións de arqueoloxía. Recentemente comprobamos que estas visitas continúan sendo frecuentes polos propios vecinos e foráneos. Tamén puidemos comprobar que as cuadrículas de excavación, que teñen ás veces 2 metros de fondo, están totalmente ocultas entre os toxos e carecen dun balizamento que evite a posible caída dos visitantes.

Por último tamén é necesario informar debidamente aos propietarios das parcelas das obrigas que teñen á hora de realizar traballos de tala, desbroce ou paso de maquinaria pesada ás súas propiedades. E esta corporación ten a obriga cumprir e facer cumprir a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia a este respecto.

Non podemos deixar pasar outra oportunidade coma esta, na que a Deputación e Fomento van investir máis de 6,5 millóns de euros. O Concello de Mos non pode permitirse quedar fora deste ou de futuros pláns. Incluso poñendo todo da nosa parte e sobre todo a alcaldesa-presidenta, co seu peso no partido que goberna actualmente a Xunta de Galicia e o Estado Español, pode e debe ter a vontade de axilizar a adquisición dos terreos e tratar de que o castro de Torroso volva a ser incluído no Plan da Deputación e Fomento, xa que este está sendo revisado e está pendente de asinarse un novo protocolo na mes xaneiro de 2017.

Por todo o anteriormente exposto, solicitamos a adopción dos seguintes acordos:

- 1- A adquisición progresiva de tódalas parcelas do Castro de Torroso, destinando para iso unha partida orzamentaria nos orzamentos de 2017 e anos vindeiros.*
- 2- O control riguroso dos terreos para evitar posibles deterioros no xacemento e o compromiso decidido do Concello de informar aos propietarios e facer cumprir a Lei de Patrimonio Histórico.*

3- A petición urxente de axudas e compromiso da Xunta de Galicia para facerse coa titularidade dos terreos e tratar de incluír novamente o castro de Torroso no mencionado plan."

A Sra. Gonzalez Pereira explica que o PSOE se absterá porque habería que facer primeiramente un estudio cos propietarios afectados.

O Sr. Aldea Moscoso este problema é antigo e que eles o comparten polo que votarán a favor xa que sería un comezo pero haberá que facer un proxecto.

O Sr. Augusto Martínez di que o grupo Gañamos que saca cousas da chisteira, e que teñen que seguir un pouco o que se van producindo, xa que ahí se intentou limpar e facer actuacións e os veciños opuxéronse, pero hai que plantexalo con unha base, estudialo cos técnicos expertos e despois plantexalas aos veciños e en ningún caso o Concello vai ir en contra dos veciños.

O Sr. Rodríguez Dasilva di que eles tampouco van en contra dos veciños e que a moción esta mais que traballada e que no ano 2010 hai un convenio coa Xunta para facer un estudio de limpeza, que haberá que empezar por comprar as parcelas, no ano 2012 a Xunta e Deputación pon un Plan de Conservación no que se inclúe este Castro, no 2015 Nidia recoñece a importancia deste Castro e que rapidamente se vai poñer a traballar para recuperalo. Continua dicindo que non queren poñerse en contra dos veciños pero que base legal hai pero que simplemente que este goberno non ten interes en poñer en valor este Castro; o que se quere que se faga unha proposta aos veciños.

A Alcaldesa di que vendo o repertorio mediático que trae GañaMos está claro que o goberno ten interese no Castro, pero hai unha distancia moi grande do que di ao que piden porque pretende comprometer fondos municipais sin saber sequera a cantidade e que se pretende expropiar terrenos queiran ou non queiran os veciños. Continua dicindo que se fixeron varios traballos ata que houbo propietarios que se negaron e se fixeron reunión pero hai algúns que non deixan tocar; e que hai outras necesidades mais importantes. Sobre o convenio asinado entre a Deputación e o Ministerio agora o Castro de Torroso non esta incluído xa que os propietarios non deron autorización. Remata pedindo que deixen de manipular que cando din "Arevalo deixa perder 325.000 euros" iso é mentira, xa que hai un convenio de 6 millóns de euros entre a Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento pero non era a mesma cantidade para todos os municipios.

O Sr. Rodríguez DaSilva di que en ningún momento falou de expropiación senón de propostas. Que este Castro non vai entrar non plan de recuperación mentres desde o Concello non se faga algo e que non hai vontade política.

A Sra. Alcaldesa di que non se sabe de canto diñeiro se fala e que non hai posibilidade de comprar os terreos xa que hai outras prioridades, como estradas, saneamentos, etc.

Tras o remate das intervencións procédese á votación da moción quedando rexeitada co voto negativo do grupo municipal do PP (9), o voto afirmativo do grupo municipal de GañaMos (3) e do do B.N.G(1) e a abstención do P.S.deG.-P.S.O.E (3)

MOCION URXENTE:

Moción do B.N.G. sobre a transferencia do AP-9.

Primeiramente votase a urxencia de tratar este asunto, que é aprobada por unanimidade dos membros da Corporación.

A continuación o Sr. Aldea Moscoso explica a seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A AP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno Central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos. As competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central.

O Parlamento de Galiza, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado (co que no caso de que as galegas e galegos decidisemos durante un ano non usar dita infraestrutura e reducir ao mínimo os ingresos de peaxes xa nos saíría case gratis o rescate), constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galiza e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruínosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos desta corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galiza que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galiza nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

Con esta moción pretendemos que a Corporación de Mos tamén se sume ao consenso político

acadado no Parlamento de Galiza e apoie expresamente a defensa da iniciativa lexislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza, nos termos aprobados polo Parlamento de Galiza.

Ademais, para expresar o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galiza, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais. Polo tanto, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galiza sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.

Por todo iso, o Pleno da Corporación Municipal de Mos

ACORDA

- 1. Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.*
- 2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.*
- 3. Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.*
- 4. Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.”*

Sometida a votación ordinaria, resulta aprobada por unanimidade dos membros da Corporación.

14. Rogos e preguntas.

Abre a quenda o **Sr. Rodríguez Alonso** pregunta poque si lle seguen encargando a redacción a Urbing si o Concello ten profesionais que poidan redactar sen ningun coste .

Pregunta porque se pagan tantas multas a Confederación senón se piden as correspondentes autorizacións, e que isto supón ademais unha contaminación das Augas.

Engade que hai gastos nunha comida no Soriano a personal de Fomento por motivo do accidente do tren, cando estes teran as súas propias dietas e non ten que ser o Concello quen sufrague os seus gastos.

A Alcaldesa responde qué se trata dun discurso manipulador e que por sorte temos uns partidos

o BNG e PSOE que non son así. No tema das comidas e que un tema serio e son gastos mínimos que non foi no Soriano senón na Casa Lano e levo o Ministro de Fomento, o Presidente da Xunta, Vicepresidente e foi un menú do día. Sobre Urbing, dírelle que os proxectos había que facelos rápido e hai un equipo técnico pero que están a tope; e esta empresa traballa moi ben e estamos moi contentos con ela.

O Sr. Augusto Martínez di que as obras que se fan de abastecemento e saneamento teñen autorización pero as sancións que hai son de obras anteriores a este goberno, por exemplo un vertido da depuradora de Petelos que é do goberno bipartito e se está intentando solucionar o problema. En segundo lugar Confederación nos devolveu preto de 30.000 euros de multas improcedentes.

O Sr. Rodríguez Dasilva, pregunta si antes do 2014, que foi cando o Consorcio se fixo cargo do saneamento, o Concello non pagou ningunha multa por Herville.

Responde o Sr. Augusto Martínez que si, por un proxecto que fixo a Deputación que non se axustou o construído e que se lle está reclamando a Deputación.

Responde o Sr. Rodríguez Dasilva di que a multa foi por non ter tramitado o Concello a autorización e por danos e que foron 7.000 euros.

Camilo di que non é verdade senón que foi sancionado por un índice de vertido que é distinto o que figuraba no proxecto redactado pola Deputación. E despois houbo un vertido ocasional por un mal uso dos veciños.

Que no Pleno anterior quedou a Sar Alcaldesa de traer ao Pleno a moción do grupo Gañamos sobre o Camiño de Covelo e pregunta porque non se trouxo.

Responde o Sr. Seijo Alonso está metido no camiño de Tameiga Pereiras.

A continuación di a Alcaldesa que dos outros camiños de camiño Coto de arriba- Anzar Sanguñeda e do camiño do Eido de San Antonio-Tameiga, que se verá e tratarase de facer.

A **Sra. Pérez Ucha** comunica que lle chegan queixas dos usuarios do vestiario que a última hora non hai auga quente.

Pregunta pola nave de Campos.

Responde a Concelleira, Sra. Loureiro Campo, que está encargado o proxecto para facerse por execución subsidiaria.

O Sr. Muñíos Pumar, di que o tema de linde de Mos-Porriño sigue sin solucionarse, que se debería amojonar polo menos a parte na que se chegou a un acordo.

Pide o Sr. Rodríguez Alonso que se recollan coas coordenadas.

Roga que se faga un paso de peóns de Tameiga.

Hai unha arqueta na entrada do Alpendre que hai buratos que entra un pe dun crío.

O Sr. Augusto Martínez que é da rede de telefonía e que xa a repuxeron varias veces.

O Sr. **Rodriguez Alonso** roga do aparcamento enfronte o Centro de saúde que se poña unha sinal de que esta prohibido o aparcamento de trailes e gabarras.



Non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa, levanta a sesión sendo as once horas trinta e cinco minutos do vinte e sete de outubro de dous mil dezaseis, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

A Alcaldesa,
Visto e prace



Nidia M^a Arévalo Gómez

A secretaria,



M^a Angeles García Villaverde